

# Así Pasen 25 Anos: Enrique X. Macías

**Enrique X. Macías**

Domingo 8 Novembro 20:30H | Auditorio Martín Códax, Vigo

Compositor autodidacta, **Enrique X. Macías** (Vigo, 1958-1995) deixou nos un dilatado legado musical a pesar do seu prematuro falecemento, aos 37 anos. Creador meticuloso e esixente –destruiu toda a súa obra anterior a 1980– conformou, a partires dunha orixinalísima técnica de autocitas, unha obra musical en permanente construción na procura de novas formas de expresión.

A súa obra foi gravada polas radios máis importantes de Europa e ao longo da súa curta carreira obtivo numerosos premios. Nese itinerario profesional figura a participación, por dúas ocasións, na Tribuna de Novos Compositores da Fundación Juan March con dúas obras para ensemble (máis tarde descatalogadas): *Souvenir n.º 1* (estreada polo Grupo Koan. Director: José Ramón Encinar. II Tribuna de Novos Compositores en 1983); e *Morgengesang II* (estreada polo Grupo Círculo. Director: José Luís Temes. en VINA Tribuna de Novos Compositores en 1987).

Froito da colaboración entre Miso Music e o Instituto Galego de Sonoloxía, o apoio do Centro de Investigación & Información da Música Portuguesa– MIC.PT e a participación do compositor portugués Miguel Azguime, depositario da súa obra e íntimo amigo que colaborou na actualización dos materiais da electrónica en vivo de *Adhuc* poderemos ofrecer a escoita das obras máis importantes para ensemble do compositor vigués: **Adhuc** (1993) e *Itinerario de luz* (1995). E xunto a elas a monumental **Cadencias e interludios/ Percurso I** (1989-1992) para piano e electrónica. Pedro Amaral, profundo coñecedor da obra de Macías a quen lle unía unha entrañabel amizade dirixe este monográfico, unha oportunidade magnífica para lembrar a un dos creadores máis importantes da cidade.

## ASÍ PASEN 25 ANOS: ENRIQUE X. MACÍAS

**ADHUC** (1992/93) clarinete, trompa, vibráfono, sintetizador, violín, violonchelo

**CADENCIAS E INTERLUDIOS / PERCURSO I** (1992) piano solo e electrónica en tempo real

**ITINERARIO DE LUZ** (1994/95) frauta, clarinete, trompa, violín, viola, violonchelo, electrónica en tempo real

Co apoio do *Centro de Investigación & Información da Música Portuguesa*– MIC.PT

VERTIXE SONORA Pedro Amaral *director* Clara Saleiro *frauta* | Daniel Veiga *clarinete*  
Jorge Fuentes *trompa* | Mario Peris *violín* | Almudena Arribas *viola* | Thomas Piel *violonchelo*  
Haruna Takebe *sintetizador* | David Durán *piano* | Antonio Ocampo *vibráfono*  
Ángel Faraldo *electrónica*

VERTIXE SONORA Thomas Piel, *violoncello* | Ángel Faraldo *electrónica*

Todos os concertos e actividades teñen entrada gratuita previa **inscrición telemática con compromiso de asistencia** a través da páxina oficial de vertixe sonora e reserva dun máximo de 5 entradas por persoa ata cubrir aforamentos. Debido á pandemia COVID-19, o festival adoptou as seguintes medidas para garantir a súa seguranza:

1. Chegada á sala 20 minutos antes da hora marcada de inicio do concerto para axilizar o proceso de entrada.
2. Distanciamiento social. Non hai lugar marcado, seralle atribuído á entrada da sala, por orde de chegada, mediante indicación de persoal identificado.
3. Uso obrigatorio de máscara durante todo o evento.
4. Hixiene de mans, limpeza en alfombra desinfectante e toma de temperatura na entrada ao edificio. En caso de necesitar apoio, por favor, contacte co asistente de sala.

Finalizada a actividade espere no seu asento as indicacións do persoal de sala que regulará a saída escalonada.